

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social referente ao retraso na atención da dependencia

Expediente: G.6.Q/13239/17

Relacionado cos G.6.Q/441/11 e G.6.Q/1954/11

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2017

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa pola comparecencia de ■■■ referente ao retraso na atención da dependencia.

ANTECEDENTES

1. Na queixa indícanos que ten solicitado e concedido o servizo de atención no fogar (SAF) no Concello de Ordes; porén, está en lista de espera desde hai máis dun ano e aínda non ten o servizo. Xa presentara as queixas que se mencionan. Reclama o servizo aprobado, pero sen efectividade.
2. Ante iso requirimos información ao Concello de Ordes e á Consellería de Política Social, que xa nola remitiron.

O concello sinalou o seguinte:

“... ten recoñecida, por Resolución da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Política Social do 15 de abril de 2015, unha situación de dependencia en grao I con 46 puntos. O 24 de maio de 2016 esta Consellería emite resolución do Programa Individual de Atención (PIA) na que se lle recoñece a interesada a inclusión no Programa de Asignación de Recursos para o acceso ao Servizo de Axuda no Fogar (PAR de SAF) cunha intensidade de entre 1 e 20 horas mensuais. O PAR é o instrumento a través do cal a Consellería establece unha orde de preferencia para o acceso aos servizos do sistema galego de servizos sociais entre as persoas que obtiveron o recoñecemento dun mesmo grao de dependencia. Os criterios de prelación establecidos son: -O maior grao de dependencia -A igual grao, tense en conta a non percepción doutra prestación ou servizo do sistema para a autonomía e atención á dependencia -No suposto de igualdade en relación co criterio anterior, tense en conta a menor capacidade económica -No suposto de igualdade en

relación cos criterios anteriores, valorase a existencia de rede social de apoio -Se persistise a igualdade, valorase a maior idade do beneficiario -Por último terase en conta a data de presentación da solicitude de valoración de dependencia.

A Consellería de Política Social xestiona o PAR de SAF, xerando semanalmente un listado actualizado das persoas en lista de agarda e incorporando novas resolucións de PIA pendentes de recibir o recurso asignado.

No listado de PAR SAF do 08/02/2017 figuran 8 persoas en lista de agarda e [REDACTED] ocupa unha 5ª posición que pode variar nas semanas vindeiras debido a novas incorporacións ou baixas.

A valoración do grao de dependencia é competencia da Comunidade Autónoma. Como xa se indicou, [REDACTED] ten recoñecido un Grao I, dependencia moderada, polo que a hora de establecer o listado de usuarios, a súa posición no mesmo está condicionada por este grao (existe o Grao II de dependencia severa e o G III de gran dependencia con prioridade no acceso ao servizo).

A Mancomunidade de Ordes ten asignadas pola Consellería 3.373 horas mensuais destinadas ao servizo de axuda no fogar do sistema de dependencia e que están sendo efectivamente prestadas na súa totalidade polo que non existe dispoñibilidade horaria. A contía das horas dispoñibles por esta entidade para asignar é tamén competencia autonómica, limitándose o Concello de Ordes a xestión das mesmas.

Esta situación non é algo puntual, a carencia de horas é habitual ou mesmo crónica, o que provoca o retraso na prestación do servizo de axuda no fogar a través do sistema de dependencia. Por este motivo a interesada continua sen dar de baixa no PAR SAF por asignación de recurso.

[REDACTED] é beneficiaria do Servizo de Axuda no Fogar por libre concorrência da Mancomunidade de Ordes dende o 26/03/2014, cunha intensidade de 13 horas mensuais para recibir atencións de carácter persoal e doméstico.

Este Concello non dispón doutros recursos para a atención de [REDACTED].

A Consellería de Política Social informou o seguinte:

“... Antecedentes de feito.

-Data de entrada solicitude de recoñecemento de grao de dependencia: 11/05/2009. -
Recoñecemento de grao e nivel: Resolución de 18/08/2009 grao I, nivel 2. Revisión da
resolución de grao: resolución de 18/07/2011 grao II, nivel 1. Ten recoñecido desde o
15/04/2015 un grao I por revisión. -Plan Individual de Atención (PIA) Resolución do Plan

Individual de Atención: O 24/05/2016 recoñéceselle a inclusión no programa de asignación de recursos para o servizo de axuda no fogar co grao I dándose de alta no PAR o día 25/05/2016.

Consideracións legais.

Segundo o artigo 44 do Decreto 15/2010, o acceso efectivo ao servizo das persoas demandantes a través do PAR, prodúcese en función dos recursos dispoñibles, seguindo a orde de preferencia normativamente establecida, e que se indica na resolución: a) O maior grao e nivel de dependencia b) A igual grao e nivel de dependencia, tense en conta a non percepción doutra prestación ou servizo do sistema para a autonomía e atención á dependencia. c) No suposto de igualdade en relación cos criterios anteriores, valórase a posible inexistencia de rede social de apoio. d) Se persiste a igualdade, valórase a idade do beneficiario. e) Por último tense en conta a data de presentación da solicitude de valoración da dependencia. O artigo 46 do citado decreto, sinala que no caso do servizo de axuda no fogar, os concellos titulares do servizo procederán a dar de alta ás persoas en agarda de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. É dicir, a competencia na asignación do recurso é dos concellos. Así mesmo, a ordenación do PAR de cada concello refréscase en aplicación dos criterios anteditos semanalmente, de tal forma que se garante constantemente a asignación do servizo de axuda no fogar segundo os citados criterios, independentemente das altas e baixas que se poidan ir producindo en cada lista. Así mesmo, tal e como se indica na resolución, se transcorre mais de tres meses sen que se lle asigne praza, a dependente poderá solicitar, se así o considera oportuno, unha modificación do seu PIA para efectos de obter unha libranza vinculada a un servizo privado ou, do contrario, seguir incorporado ao programa á espera do acceso a un servizo público. Actualmente atópase situada no 6º lugar do PAR SAF do concello (lista de espera), tendo diante de ela (por prioridade de criterios) 3 persoas con grao II e dúas con grao III”.

ANÁLISE

1. Confírmase o expresado na queixa, isto é, que a persoa con dependencia segue na lista de espera para recibir o servizo asignado no plan de coidados, o SAF municipal. Leva un tempo considerable nesa lista de espera (PAR), en concreto dende o 25 de maio de 2016, é dicir, dende case un ano. Ademais, dadas as circunstancias expostas, fundamentalmente o grado de dependencia e o estado da lista da entidade prestadora (o Concello de Ordes, a través da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes), non parece que a efectividade do servizo se vaia dar en breve. Iso sucede a pesar de que aprobouse o PIA con esa prestación.

Ademais apreciase que a persoa afectada anteriormente fora recoñecida cun grado de dependencia superior, o II (rebaixouse ao I en 2015), e tampouco nesa ocasión fora atendida (dende o 18/07/11 ata o 15/04/15).

2. A prestación material do servizo resulta atribuída ao ente local (neste caso a mancomunidade), que é o competente para xestionar o SAF (municipal), tal e como indica a consellería.

Porén, a consellería intervén, tal e como explican os dous informes, en primeiro termo coa asignación do servizo mediante o PIA, aínda que sexa en lista de espera, e na xestión desa lista de espera. Por iso debora garantir a adecuada execución do servizo, posto que é responsable da aprobación do PIA e por tanto tamén da súa execución; no seu caso terá que afrontar as incidencias do incumprimento. Iso sen prexuízo da esixencia das responsabilidades que podan corresponder a cada administración en razón das circunstancias.

3. Descoñecemos como se coordinan as funcións das dúas administracións para a atribución de prazas de SAF mediante PIAs en cada concello (acordos de financiamento do servizo, previsións que permiten aprobar o PIA, intercambio de información, prácticas ou protocolos ao respecto ...). No caso de existir esa coordinación os PIAs aprobaríanse en razón das prazas dispoñibles ou cando existira a previsión razoable de que existiran en breve prazo.

Neste caso as circunstancias expostas por ambas as administracións fan pensar que a espera prolongarase aínda por moito tempo, co que a prestación seguirá sen ter efectividade, a pesar de derivar dun dereito subxectivo previsto na lei.

4. A anterior cuestión atópase directamente relacionada co financiamento colectivo das prazas e por tanto coa obriga de creación dun determinado número por parte dos concellos en razón do aportado polas outras administracións, posto que deben ser os concellos os que definan en último termo a incorporación das obrigas precisas (aportación local, condicións de copago ...) para que se dean o número de prazas que correspondan (a través das ordenanzas e dos contratos de xestión do servizo).

Na actualidade este tipo de situacións vense afectadas pola frecuente alegación de cada administración da responsabilidade da outra. Por iso é necesario que se coñezan as circunstancias que permitan deslindar a responsabilidade dunha e doutra; iso se faría coa aportación dos datos mencionados. En calquera caso, debe descartarse o prexuízo para a persoa dependente, que se da con frecuencia neste tipo de situacións.

5. A persoa que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que obriga aos poderes públicos a realizar unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración das persoas

con discapacidade física, psíquica e sensorial, ás que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles as administracións autonómica e a local, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facer chegar á Consellería de Política Social e ao Concello de Ordes as seguintes recomendacións:

Concello de Ordes:

Que con urxencia se aclaren as causas polas que non se prestou o SAF da súa responsabilidade, segundo a normativa vixente, despois de aprobado o correspondente PIA; e se aclare o medio polo que se relaciona coa administración autonómica para definir as prazas de SAF a ofertar no concello, especialmente no caso que examinamos.

Consellería de Política Social:

Que con urxencia se facilite aclaración sobre o medio polo que se relacionan a administración autonómica e as locais aos efectos de definir as prazas de SAF que poden ofertarse en cada concello, sobre o actuado no caso que examinamos, e sobre as actuacións da Xunta de Galicia para casos de incumprimento de PIAs aprobados por ela mesma, como sucedeu neste suposto.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais facémoslle saber que en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoo atentamente.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo